



Concello de Meaño

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 6 DE XULLO DE 2023 (PLN/2023/7).

<u>ASISTENTES</u>	<u>GRUPO POLÍTICO</u>		
<u>ALCALDE, que preside:</u>			
D. Carlos Vieitez Fernández	VEDM	No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Meaño, ás 20:30 horas do día 6 de xullo de 2023, reúnese, previa convocatoria, o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria coa asistencia dos Sres/as concelleiros/as que se relacionan na marxe. A tódolos/as asistentes fíxoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición os expedientes da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Concorrendo o quorúm necesario, declárase validamente constituída a sesión.	
<u>CONCELLEIROS:</u>			
D ^a Mercedes Cousido García	VEDM		
D ^a Raquel Balboa Torres	VEDM		
D. Jorge Besada Serén	VEDM		
D ^a Belén Mosteiro Lobato	VEDM		
D ^a Sheila Feteira Santos	VEDM		
D. Ramón Tilve Castro	VEDM		
D. Ramón Alfonso Piñeiro	VEDM		
D ^a Cristina Castro Pintos	MI		
D. José Manuel Asperez Montes	MI		
D. José Angel Lubian Barreiro	MI		
D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez	PP		
D ^a Rosana Domínguez Rey	BNG		
<u>CONCELLEIROS NON ASISTENTES:</u>			
<u>SECRETARIA:</u>			
D ^a M ^a Teresa Escudero Barral			

1º.- DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS. (EXP. 566/2023)

O Sr. alcalde-Presidente dá conta da composición dos Grupos Políticos que integran a Corporación, en virtude das eleccións locais celebradas o día 28-05-2023 e dos escritos presentados e subscritos polos seus integrantes, ao abeiro do artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local en concordancia co artigo 74 e ss da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 24 e ss do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e Regulamento Orgánico Municipal, que é a que se relaciona:

* Os concelleiros electos de Veciños de Meaño constitúense no GRUPO MUNICIPAL VECIÑOS DE MEAÑO:

- D. Carlos Viéitez Fenández
- D^a. Mercedes Cousido García
- D^a Raquel Balboa Torres
- D. Jorge Besada Serén
- D^a Belén Mosteiro Lobato





Concello de Meaño

- D. Ramón Alfonso Piñeiro

- D^a Sheila Feteira Santos

- D. Ramón Tilve Castro

Voceiro: D. Carlos Viéitez Fenández

Suplentes: D^a. Mercedes Cousido García, D. Jorge Besada Serén e D. Ramón Alfonso Piñeiro.

* Os concelleiros electos Agrupación de Electores Veciñal Meaño Independiente constitúense no GRUPO MUNICIPAL AGRUPACIÓN DE ELECTORES VECIÑAL MEAÑO INDEPENDIENTE:

- D. José Manuel Ásperez Montes

- D^a Cristina Castro Pintos

- D. José Ángel Lubian Barreiro

Voceira: D^a Cristina Castro Pintos

Suplentes: D. José Manuel Ásperez Montes e José Ángel Lubian Barreiro

* O/a concelleiro/a electos do Partido Popular e Bloque Nacionalista Galego constitúense no GRUPO MIXTO:

- D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez

- D^a Rosana Domínguez Rey

Voceiro/a: rotatoria

Queda dado conta ó abeiro do artigo 75.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 25 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2º.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO DA CORPORACIÓN. (EXP.: 563/2023)

O Sr. alcalde-Presidente dá conta aos membros da Corporación da proposta formulada pola Alcaldía en relación con este asunto:

“Ao abeiro do artigo 46.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno da Corporación, en municipios con poboación entre 5001 e 20.000 habitantes, celebrará sesión ordinaria como mínimo cada dous meses; dando cumprimento aos artigos 38 e 78 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, procede establecer mediante acordo plenario o réxime de celebración das sesións ordinarias do Pleno da Corporación; polo que esta Alcaldía somete á consideración do Pleno da Corporación para a súa aprobación, si procede, a seguinte proposta de periodicidade de celebración das sesións ordinarias do Pleno da Corporación:

a) As sesións ordinarias do Pleno da Corporación celebraranse cada dous meses, o último xoves dos meses impares, ás 20:00 horas en primeira convocatoria e ás 20:30 horas





Concello de Meaño

en segunda convocatoria, en horario de inverno, e ás 21:00 horas en primeira convocatoria e ás 21:30 en segunda convocatoria, en horario de verán. Si o día que corresponda é festivo ou inhábil, celebrarase o día hábil seguinte.

b) A convocatoria e celebración das sesións extraordinarias ou extraordinarias e urxentes do Pleno da Corporación rexeranse polo disposto na Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia e no R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

Non producíndose intervencións e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos trece membros, acorda establecer o réxime de periodicidade de sesións ordinarias do Pleno da Corporación proposto:

a) As sesións ordinarias do Pleno da Corporación celebraranse cada dous meses, o último xoves dos meses impares, ás 20:00 horas en primeira convocatoria e ás 20:30 horas en segunda convocatoria, en horario de inverno, e ás 21:00 horas en primeira convocatoria e ás 21:30 en segunda convocatoria, en horario de verán. Si o día que corresponda é festivo ou inhábil, celebrarase o día hábil seguinte.

b) A convocatoria e celebración das sesións extraordinarias ou extraordinarias e urxentes do Pleno da Corporación rexeranse polo disposto na Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia e no R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

3º.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (EXP: 564/2023)

O Sr. alcalde-Presidente dá conta aos membros da Corporación da proposta formulada pola Alcaldía en relación con este asunto:

“Ao abeiro do artigo 20.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a Xunta de Goberno Local existe en tódolos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes.

Ao abeiro do artigo 211 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e o artigo 45.1 do Regulamento Orgánico Municipal, procede establecer mediante acordo plenario o réxime de celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local; polo que esta Alcaldía somete ao Pleno da Corporación, para a súa aprobación si procede, a seguinte proposta de acordo de periodicidade de celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local:

a) A Xunta de Goberno Local: celebrará sesións ordinarias o segundo luns de cada





Concello de Meaño

mes, ás 20:00 horas en primeira convocatoria e ás 20:30 horas en segunda convocatoria, en horario de inverno, e ás 21:00 horas en primeira convocatoria e ás 21:30 horas en segunda convocatoria, en horario de verán; e si o día que corresponda é festivo ou inhábil, celebrarase o día hábil seguinte.

b) A convocatoria e celebración das sesións extraordinarias ou extraordinarias e urxentes da Xunta de Goberno Local rexeranse polo disposto na Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia e no R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

Non producíndose intervencións e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, con cinco abstencións (do/da concelleiro/a do Grupo Mixto e do Grupo Municipal MI) e oito votos a favor (dos/as concelleiros/as do Grupo Municipal VEDM), acorda establecer o réxime de periodicidade de sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local proposto:

a) A Xunta de Goberno Local: celebrará sesións ordinarias o segundo luns de cada mes, ás 20:00 horas en primeira convocatoria e ás 20:30 horas en segunda convocatoria, en horario de inverno, e ás 21:00 horas en primeira convocatoria e ás 21:30 horas en segunda convocatoria, en horario de verán; e si o día que corresponda é festivo ou inhábil, celebrarase o día hábil seguinte.

b) A convocatoria e celebración das sesións extraordinarias ou extraordinarias e urxentes da Xunta de Goberno Local rexeranse polo disposto na Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia e no R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

4º.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES. (EXP: 569/2023)

O Sr. alcalde-Presidente dá conta aos membros da Corporación da proposta formulada pola Alcaldía en relación con este asunto:

“Ao abeiro do artigo 20 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e dos artigos 68 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 123 e ss. do Real Decreto 2568/1986, do 29 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e artigo 47 e ss do Regulamento Orgánico Municipal, nos concellos ce máis de 5000 habitantes existirán órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos á decisións do Pleno, nos que tódolos grupos políticos terán dereito a participar en ditos órganos en proporción ao número de concelleiros que teñan no Pleno,





Concello de Meaño

correspondéndolle un concelleiro, como mínimo, ao grupo que teña menor representación dentro da Corporación, non computándose o presidente nato a efectos de determinar a proporcionalidade; o que leva a considerar que o Grupo Mixto ten o mesmo dereito de representación nas comisións que os restantes Grupos, podendo estar presente en tódalas comisións, pero como Grupo; o que non determina que a concelleira da candidatura do Bloque Nacionalista Galego e o concelleiro da candidatura do Partido Popular formen parte ambos de todas.

A Comisión Especial de Contas existe en tódolos municipios e a súa constitución, composición e integración e funcionamento axústase ao establecido para as demais Comisións Informativas.

Polo que antecede, a vista do informe elaborado pola secretaria-interventora e a proposta formulada polos grupos políticos; esta Alcaldía fai a seguinte proposta de creación e composición das comisións informativas permanentes e da Comisión Especial de Contas:

CREACIÓN:

- Comisión Informativa Permanente de asuntos sociais e igualdade (Abranguerá as seguintes materias: Instalacións e equipamentos sociais, asistencia social, servizos sociais e promoción social, muller, terceira idade e igualdade)
- Comisión Informativa Permanente de educación, cultura, deporte, ocio e tempo libre (Abranguerá as seguintes materias: cooperación coa Administración educativa no sostemento dos centros docentes públicos, servizos e actividades complementarias da educación, instalacións e equipamentos culturais, deportivos e de ocio e actividades de promoción cultural, deportiva, ocupación do tempo libre, infancia e xuventude).
- Comisión Informativa Permanente de servizos, medio ambiente e ciclo da auga (Abranguerá as seguintes materias: mellora, mantemento, conservación e funcionamento de vías públicas, alcantarillado, saneamento, abastecemento de auga, recollida de lixo, limpeza viaria, cemiterio, alumeados, fontes, lavadoiros, parques, xardíns, mellora de entornos fluviais e rutas paisaxísticas e ciclo da auga.).
- Comisión Informativa Permanente de turismo, comercio, industria, novas tecnoloxías e participación cidadá (Abranguerá as seguintes materias: promoción de turismo, comercio, industria, novas tecnoloxías e participación cidadá)
- Comisión Informativa Permanente de infraestruturas, urbanismo e desenvolvemento sostible (Abranguerá as seguintes materias: implantación de novas infraestruturas e servizos e planeamento e xestión urbanística).

Comisión Especial de Contas, que actuará tamén como Comisión Informativa Permanente en asuntos relativos a economía, facenda, patrimonio, persoal, réxime interno, asuntos xerais e transparencia.

En canto a composición:

Comisión Especial de Contas

Presidente: alcalde

Vocais:





Concello de Meaño

2 Grupo Municipal Veciños de Meaño

- Raquel Balboa Torres

- Jorge Besada Serén

Suplente de presidente e vocais: Ramón Alfonso Piñeiro

1 Grupo Municipal Agrupación Electores Veciñal Meaño Independiente

- José Manuel Ásperez Montes

Suplente: Cristina Castro Pintos

1 Grupo Mixto

- Jesús Joaquín Sueiro Méndez e Rosana Domínguez Rey de xeito rotatorio, a determinar polo/a integrantes do Grupo Mixto para cada convocatoria.

Suplente: Jesús Joaquín Sueiro Méndez e Rosana Domínguez Rey de xeito rotatorio, a determinar polo/a integrantes do Grupo Mixto para cada convocatoria.

Comisión Informativa Permanente de asuntos sociais e igualdade

Presidente: *alcalde*

Vocais:

2 Grupo Municipal Veciños de Meaño

- Mercedes Cousido García

- Belén Mosteiro Lobato

Suplente: Ramón Tilve Castro

1 Grupo Municipal Agrupación Electores Veciñal Meaño Independiente

- Cristina Castro Pintos

Suplente: José A. Lubián Barreiro

1 Grupo Mixto

- Jesús Joaquín Sueiro Méndez e Rosana Domínguez Rey de xeito rotatorio, a determinar polo/a integrantes do Grupo Mixto para cada convocatoria.

Suplente: Jesús Joaquín Sueiro Méndez e Rosana Domínguez Rey de xeito rotatorio, a determinar polo/a integrantes do Grupo Mixto para cada convocatoria.

Comisión Informativa Permanente de educación, cultura, deporte, ocio e tempo libre

Vocais:

Presidente: *alcalde*

Vocais:

2 Grupo Municipal Veciños de Meaño

- Raquel Balboa Torres

- Belén Mosteiro Lobato

Suplente: Sheila Feteira Santos

1 Grupo Municipal Agrupación Electores Veciñal Meaño Independiente

- Cristina Castro Pintos

Suplente: José A. Lubián Barreiro

1 Grupo Mixto

- Jesús Joaquín Sueiro Méndez e Rosana Domínguez Rey de xeito rotatorio, a determinar polo/a integrantes do Grupo Mixto para cada convocatoria.

Suplente: Jesús Joaquín Sueiro Méndez e Rosana Domínguez Rey de xeito rotatorio, a determinar polo/a integrantes do Grupo Mixto para cada convocatoria.





Concello de Meaño

Comisión Informativa Permanente de servizos, medio ambiente e ciclo da auga

Presidente: alcalde

Vocais:

2 Grupo Municipal Veciños de Meaño

- Ramón Tilve Castro

- Jorge Besada Serén

Suplente: Raquel Balboa Torres

1 Grupo Municipal Agrupación Electores Veciñal Meaño Independiente

- José M. Ásperez Montes

Suplente: Cristina Castro Pintos

1 Grupo Mixto

- Jesús Joaquín Sueiro Méndez e Rosana Domínguez Rey de xeito rotatorio, a determinar polo/a integrantes do Grupo Mixto para cada convocatoria.

Suplente: Jesús Joaquín Sueiro Méndez e Rosana Domínguez Rey de xeito rotatorio, a determinar polo/a integrantes do Grupo Mixto para cada convocatoria.

Comisión Informativa Permanente de turismo, comercio, industria, novas tecnoloxías e participación cidadá

Presidente: alcalde

Vocais:

2 Grupo Municipal Veciños de Meaño

- Raquel Balboa Torres

- Mercedes Cousido García

Suplente: Belén Mosteiro Lobato

1 Grupo Municipal Agrupación Electores Veciñal Meaño Independiente

- Cristina Castro Pintos

Suplente: José A. Lubian Barreiro

1 Grupo Mixto

- Jesús Joaquín Sueiro Méndez e Rosana Domínguez Rey de xeito rotatorio, a determinar polo/a integrantes do Grupo Mixto para cada convocatoria.

Suplente: Jesús Joaquín Sueiro Méndez e Rosana Domínguez Rey de xeito rotatorio, a determinar polo/a integrantes do Grupo Mixto para cada convocatoria.

Comisión Informativa Permanente de infraestruturas, urbanismo e desenvolvemento sostible

Presidente: alcalde

Vocais:

2 Grupo Municipal Veciños de Meaño

- Jorge Besada Serén

- Ramón Alfonso Piñeiro

Suplente: Raquel Balboa Torres

1 Grupo Municipal Agrupación Electores Veciñal Meaño Independiente

- José M. Ásperez Montes

Suplente: Cristina Castro Pintos

1 Grupo Mixto





Concello de Meaño

- *Jesús Joaquín Sueiro Méndez e Rosana Domínguez Rey de xeito rotatorio, a determinar polo/a integrantes do Grupo Mixto para cada convocatoria.*

Suplente: Jesús Joaquín Sueiro Méndez e Rosana Domínguez Rey de xeito rotatorio, a determinar polo/a integrantes do Grupo Mixto para cada convocatoria.”

Sometido o asunto a deliberación, segundo o queda establecido no Regulamento Orgánico Municipal, toma a palabra a Sra. Domínguez Rey, concelleira electa pola candidatura do BNG e pertencente ao Grupo Mixto. Rematada a intervención e deliberación e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, con dúas abstencións (do/da concelleiro/a do Grupo Mixto) e once votos a favor (dos/as concelleiros/as do Grupo Municipal VEDM e dos/da concelleira do Grupo Municipal MI), aproba a denominación e composición da Comisión Especial de Contas e das Comisións Informativas Permanentes nos termos propostos:

Comisión Especial de Contas

Presidente: alcalde

Vocais:

2 Grupo Municipal Veciños de Meaño

- Raquel Balboa Torres

- Jorge Besada Serén

Suplente de presidente e vocais: Ramón Alfonso Piñeiro

1 Grupo Municipal Agrupación Electores Veciñal Meaño Independiente

- José Manuel Ásperez Montes

Suplente: Cristina Castro Pintos

1 Grupo Mixto

- Jesús Joaquín Sueiro Méndez e Rosana Domínguez Rey de xeito rotatorio, a determinar polo/a integrantes do Grupo Mixto para cada convocatoria.

Suplente: Jesús Joaquín Sueiro Méndez e Rosana Domínguez Rey de xeito rotatorio, a determinar polo/a integrantes do Grupo Mixto para cada convocatoria.

Comisión Informativa Permanente de asuntos sociais e igualdade

Presidente: alcalde

Vocais:

2 Grupo Municipal Veciños de Meaño

- Mercedes Cousido García

- Belén Mosteiro Lobato

Suplente: Ramón Tilve Castro

1 Grupo Municipal Agrupación Electores Veciñal Meaño Independiente

- Cristina Castro Pintos

Suplente: José A. Lubián Barreiro

1 Grupo Mixto

- Jesús Joaquín Sueiro Méndez e Rosana Domínguez Rey de xeito rotatorio, a determinar polo/a integrantes do Grupo Mixto para cada convocatoria.

Suplente: Jesús Joaquín Sueiro Méndez e Rosana Domínguez Rey de xeito rotatorio, a





Concello de Meaño

determinar polo/a integrantes do Grupo Mixto para cada convocatoria.

Comisión Informativa Permanente de educación, cultura, deporte, ocio e tempo libre

Vocais:

Presidente: alcalde

Vocais:

2 Grupo Municipal Veciños de Meaño

- Raquel Balboa Torres

- Belén Mosteiro Lobato

Suplente: Sheila Feteira Santos

1 Grupo Municipal Agrupación Electores Veciñal Meaño Independiente

- Cristina Castro Pintos

Suplente: José A. Lubián Barreiro

1 Grupo Mixto

- Jesús Joaquín Sueiro Méndez e Rosana Domínguez Rey de xeito rotatorio, a determinar polo/a integrantes do Grupo Mixto para cada convocatoria.

Suplente: Jesús Joaquín Sueiro Méndez e Rosana Domínguez Rey de xeito rotatorio, a determinar polo/a integrantes do Grupo Mixto para cada convocatoria.

Comisión Informativa Permanente de servizos, medio ambiente e ciclo da auga

Presidente: alcalde

Vocais:

2 Grupo Municipal Veciños de Meaño

- Ramón Tilve Castro

- Jorge Besada Serén

Suplente: Raquel Balboa Torres

1 Grupo Municipal Agrupación Electores Veciñal Meaño Independiente

- José M. Ásperez Montes

Suplente: Cristina Castro Pintos

1 Grupo Mixto

- Jesús Joaquín Sueiro Méndez e Rosana Domínguez Rey de xeito rotatorio, a determinar polo/a integrantes do Grupo Mixto para cada convocatoria.

Suplente: Jesús Joaquín Sueiro Méndez e Rosana Domínguez Rey de xeito rotatorio, a determinar polo/a integrantes do Grupo Mixto para cada convocatoria.

Comisión Informativa Permanente de turismo, comercio, industria, novas tecnoloxías e participación cidadá

Presidente: alcalde

Vocais:

2 Grupo Municipal Veciños de Meaño

- Raquel Balboa Torres

- Mercedes Cousido García

Suplente: Belén Mosteiro Lobato

1 Grupo Municipal Agrupación Electores Veciñal Meaño Independiente

- Cristina Castro Pintos





Concello de Meaño

Suplente: José A. Lubian Barreiro

1 Grupo Mixto

- Jesús Joaquín Sueiro Méndez e Rosana Domínguez Rey de xeito rotatorio, a determinar polo/a integrantes do Grupo Mixto para cada convocatoria.

Suplente: Jesús Joaquín Sueiro Méndez e Rosana Domínguez Rey de xeito rotatorio, a determinar polo/a integrantes do Grupo Mixto para cada convocatoria.

Comisión Informativa Permanente de infraestruturas, urbanismo e desenvolvemento sostible

Presidente: alcalde

Vocais:

2 Grupo Municipal Veciños de Meaño

- Jorge Besada Serén

- Ramón Alfonso Piñeiro

Suplente: Raquel Balboa Torres

1 Grupo Municipal Agrupación Electores Veciñal Meaño Independiente

- José M. Ásperez Montes

Suplente: Cristina Castro Pintos

1 Grupo Mixto

- Jesús Joaquín Sueiro Méndez e Rosana Domínguez Rey de xeito rotatorio, a determinar polo/a integrantes do Grupo Mixto para cada convocatoria.

Suplente: Jesús Joaquín Sueiro Méndez e Rosana Domínguez Rey de xeito rotatorio, a determinar polo/a integrantes do Grupo Mixto para cada convocatoria.

5º.- PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES E COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS. (EXP.: 569/2023)

O Sr. alcalde-Presidente dá conta aos membros da Corporación da proposta formulada pola Alcaldía en relación con este asunto:

“Ao abeiro do artigo 212 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigo 134 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 51 do Regulamento Orgánico Municipal, as Comisións informativas celebrarán sesións ordinarias coa periodicidade que acorde o Pleno da Corporación; dando cumprimento aos mesmos procede establecer mediante acordo plenario o réxime de celebración das sesións ordinarias das comisións informativas; polo que esta Alcaldía somete á consideración do Pleno da Corporación para a súa aprobación, si procede, a seguinte proposta de periodicidade de celebración de sesións das Comisións Informativas e Comisión Especial de Contas:

a) As Comisións informativas e Comisión Especial de Contas celebrarán sesión ordinaria o venres da semá anterior a que corresponda a celebración da sesión ordinaria do Pleno da Corporación, segundo o réxime de sesións ordinarias do Pleno da Corporación e os asuntos da súa materia que sexan sometidos a Pleno, a partir das 20:00 nas horas que





Concello de Meaño

estableza o alcalde ou a/o súa/seu respectiva presidenta/e. Si o día que corresponda é festivo ou inhábil, celebrarase o día hábil anterior.

b) A convocatoria e celebración das sesións extraordinarias ou extraordinarias-urxentes das Comisións informativas e Comisión Especial de Contas rexeranse polo disposto na Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia e no R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

Non producíndose intervencións e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, con catro abstencións (do concelleiro electo pola candidatura do PP do Grupo Mixto e do Grupo Muncipal MI) e nove votos a favor (dos/as concelleiros/as do Grupo Municipal VEDM e da concelleira electa pola candidatura do BNG do Grupo Mixto), acorda establecer o réxime de periodicidade de sesións ordinarias das comisións informativas e da Comisión Especial de Contas proposto:

a) As Comisións informativas e Comisión Especial de Contas celebrarán sesión ordinaria o venres da semá anterior a que corresponda a celebración da sesión ordinaria do Pleno da Corporación, segundo o réxime de sesións ordinarias do Pleno da Corporación e os asuntos da súa materia que sexan sometidos a Pleno, a partir das 20:00 nas horas que estableza o alcalde ou a/o súa/seu respectiva presidenta/e. Si o día que corresponda é festivo ou inhábil, celebrarase o día hábil anterior.

b) A convocatoria e celebración das sesións extraordinarias ou extraordinarias-urxentes das Comisións informativas e Comisión Especial de Contas rexeranse polo disposto na Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia e no R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

6º.- NOMEAMENTO DOS REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS. (EXP. 591/2023)

O Sr. alcalde-Presidente maniféstales aos membros da Corporación que, segundo establece o artigo 38.c) do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, debe procederse ao nomeamento dos representantes da Corporación nos órganos colexiados en que deba estar representada, que son os seguintes:

- Asociación Ruta do Viño Rías Baixas (Representante titular e suplente)
- Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Salnés Ulla Umia (Representante titular e suplente)





Concello de Meaño

- Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro, ría de Pontevedra (Representante titular e suplente)
- Fundación Ruta Xacobeá Mar de Arosa e Ulla (Representante titular e suplente)
- Fundación Monte Castrove (Representante titular e suplente)
- Mesa de Comercio Local (Alcalde e dous representantes)
- Consellos Escolares dos Colexios de Educación Infantil e Primaria de As Covas-Meaño, Coirón-Dena e do IES de Meaño.
- Mancomunidade do Salnés (Alcalde e dous concelleiros)

Propoñendo a designación como representantes da Corporación ao alcalde, como representante nato, e como suplentes ou vocais a:

* Asociación Ruta do Viño Rías Baixas

Titular: Carlos Vieitez Fernández

Suplente: Ramón Alfonso Piñeiro

* Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Salnés Ulla Umia

Titular: Carlos Vieitez Fernández

Suplente: Raquel Balboa Torres

* Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Pontevedra

Titular: Carlos Vieitez Fernández

Suplente: Ramón Tilve Castro

* Fundación Ruta Xacobeá Mar de Arosa e Ulla

Titular: Carlos Vieitez Fernández

Suplente: Ramón Tilve Castro

* Fundación Monte Castrove

Titular: Carlos Vieitez Fernández

Suplente: Ramón Tilve Castro

* Consellos Escolares dos Colexios de Educación Infantil e Primaria de As Covas-Meaño, Coirón-Dena e do IES de Meaño:

Titular: Carlos Vieitez Fernández

Suplente: Raquel Balboa Torres

En canto a Mancomunidade do Salnés, estarase o establecido no artigo 4 dos seus Estatutos; polo que se procede a debater e votar esta proposta.

Sometida a proposta a deliberación, segundo o queda establecido no Regulamento Orgánico Municipal, toma a palabra a Sra. Domínguez Rey, concelleira electa pola candidatura do BNG e pertencente ao Grupo Mixto. Rematada a intervención e deliberación e sometida a proposta a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, con catro abstencións (do concelleiro electo pola candidatura do PP do Grupo Mixto e dos concelleiros/as do Grupo Municipal MI), un voto en contra (da concelleira electa pola candidatura do BNG do Grupo Mixto) e oito votos a favor (dos/as concelleiros/as do Grupo Municipal VEDM), aproba a





Concello de Meaño

proposta de representación formulada pola Alcaldía; quedando como representantes da Corporación no seguintes órganos colexiado nos que debe estar representada:

* Asociación Ruta do Viño Rías Baixas

Titular: Carlos Vieitez Fernández

Suplente: Ramón Alfonso Piñeiro

* Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Salnés Ulla Umia

Titular: Carlos Vieitez Fernández

Suplente: Raquel Balboa Torres

* Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Ría de Pontevedra

Titular: Carlos Vieitez Fernández

Suplente: Ramón Tilve Castro

* Fundación Ruta Xacobeá Mar de Arosa e Ulla

Titular: Carlos Vieitez Fernández

Suplente: Ramón Tilve Castro

* Fundación Monte Castrove

Titular: Carlos Vieitez Fernández

Suplente: Ramón Tilve Castro

* Consellos Escolares dos Colexios de Educación Infantil e Primaria de As Covas-Meaño, Coirón-Dena e do IES de Meaño:

Titular: Carlos Vieitez Fernández

Suplente: Raquel Balboa Torres

De seguido toma a palabra o Sr. alcalde-presidente, quen sinala que en canto á Mancomunidade do Salnés, estarase ao establecido no artigo 4 dos Estatutos, que establece:

“(...) A Xunta da Mancomunidade estará formada por 27 membros, que serán os nove alcaldes dos concellos mancomunados, ou concelleiros en quen deleguen, ademais de dous concelleiros nomeados por cada un dos concellos, en acordos plenarios, nos que serán elixidos nunha única votación, votando cada concelleiro a un só candidato. Poderán ser candidatos todos os concelleiros da corporación respectiva.”

Solicitando da Sra. secretaria-interventora información sobre o sistema de votación, pasando ésta a dar conta do sinalado nos artigos 101 e 102 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, que sinalan

“ Art. 101.

Las votaciones pueden ser ordinarias, nominales y secretas.

Son ordinarias las que se manifiestan por signos convencionales de asentimiento, disentimiento o abstención.





Concello de Meaño

Son nominales aquelas votacións que se realizan mediante llamamiento por orden alfabético de apellidos y siempre en último lugar el Presidente y en la que cada miembro de la Corporación, al ser llamado, responde en voz alta «sí», «no» o «me abstengo».

Son secretas las que se realizan por papeleta que cada miembro de la Corporación vaya depositando en una urna o bolsa.”

“Art. 102.

- 1. El sistema normal de votación será la votación ordinaria.*
- 2. La votación nominal requerirá la solicitud de un grupo municipal aprobada por el Pleno por una mayoría simple en votación ordinaria.*
- 3. La votación secreta sólo podrá utilizarse para elección o destitución de personas.”*

A solicitude do Grupo Municipal VEDM, sométese a votación ordinaria o sistema de votación nominal, que resulta aprobado por unanimidade dos trece membros do Pleno da Corporación.

De seguindo o Sr. presidente invita ós/ás Sres/as concelleiros/as para que, si o consideran oportuno, se postulen para a elección para a Xunta da Mancomunidade; postulándose a Sra. Cousido García, o Sr. Besada Serén, a Sra. Domínguez Rey e o Sr. Ásperez Montes; procedendo a votar mediante votación nominal co chamamento por orde alfabético a cada membro da Corporación e na que ao ser chamados manifestan en voz alta o nome do concelleiro/a ó/á que votaban, acadándose o seguinte resultado:

- Jorge Besada Serén: 5 votos
- José Manuel Ásperez Montes: 4 votos
- Mercedes Cousido García: 3 votos
- Rosana Domínguez Rey: 0 votos

Abstense na votación o Sr. Sueiro Méndez

A vista do artigo 4 dos Estatutos da Mancomunidade do Salnés e destes resultados, o Pleno da Corporación nomea como representantes da Corporación na Xunta da Mancomunidade do Salnés a D. Carlos Vieitez Fernández, como alcalde, e D. Jorge Besada Serén e D. José Manuel Ásperez Montes, como concelleiros electos.

7º.- RELACIÓN DE CARGOS CON DEDICACIÓN, RÉXIME DE DEDICACIÓN E RETRIBUCIÓN (EXP.: 584/2023).

O Sr. alcalde-Presidente dá conta aos membros da Corporación da proposta formulada pola Alcaldía en relación con este asunto:

“Ao abeiro do artigo 75.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local,





Concello de Meaño

os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando o desempeñen con dedicación exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda; correspondéndolle ao Pleno da Corporación a aprobación da relación dos cargos da Corporación que se desempeñarán con dedicación e retribucións, tendo efectos o nomeamento si é aceptado expresamente polo/a designado/a, segundo determina o artigo 13.4 do do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Engadindo o punto 2 que, os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva das mesmas, en cuxo caso serán igualmente dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo a Corporación as cotas empresariais que corresponda.

Pola súa parte o artigo 75 bis.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece que os Orzamentos Xerais do Estado determinaran, anualmente, o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións Locais por tódolos conceptos retributivos; quedando establecido para o exercicio 2023 na disposición adicional 27ª da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, para municipios de 5.001 a 10.000 habitantes en 52.272,61 € anuais.

En canto aos membros que poderán prestar os seus servizos en réxime de dedicación exclusiva, segundo establece o artigo 75 ter da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en Concellos con poboación comprendida entre 3001 e 10.000 habitantes, non excederá de 3.

Coa renovación da Corporación, en virtude das eleccións locais celebradas o día 28 de maio, e a nova estrutura organizativa, ao abeiro do artigo 75 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; esta Alcaldía somete á consideración do Pleno da Corporación para a súa aprobación, si procede, a seguinte relación de cargos da Corporación que se desempeñarán con dedicación, o seu réxime de dedicación e as retribucións:

1º.- Determinar o seguinte réxime de dedicación exclusiva e retribucións para o seguinte cargo da corporación, coa alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda:

* **Alcaldía:** Dedicación exclusiva 100% da xornada, obtentada por D. Carlos Vieitez Fenández, cunha retribución anual de 42.000,00 €/anuais, que se distribuirán en doce mensualidades iguais.

A percepción desta retribución é incompatible coa de outras retribucións con cargo aos presupostos das Administracións públicas e dos seus entes, organismos ou empresas de elas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, tolo elo nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das





Concello de Meaño

Administracións Públicas e o seu regulamento de desenvolvemento.

2º.- *Determinar o seguinte réxime de dedicación parcial e retribucións para o seguinte cargo da corporación, coa alta no réxime xera da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda:*

Concelleira de educación, cultura, deporte, ocupación do tempo libre, infancia e xuventude, turismo e comercio, dedicación parcial, 20 horas semanais. Retribución anual de 9.600,00 €/anuais, que se distribuirán en doce mensualidade iguais.

A percepción desta retribución é compatible co desenvolvemento de outros traballos, nos termos da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral.

3º.- *A percepción das retribucións polo exercicio destes cargos en réxime de dedicación exclusiva e parcial será incompatible coa percepción de asistencia pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados.*

4º.- *A financiación do réxime de retribucións e dedicacións para o exercicio 2023 será con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria do Orzamento Municipal 2022 prorrogado 912.10000.*

5º.- *O réxime de dedicacións será de aplicación desde a aceptación expresa por parte dos nomeados, circunstancia que será comunicada ao Pleno na seguinte sesión.*

6º.- *O presente acordo farase público segundo determina o artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local.”*

Unha vez deliberado o asunto, no que interveñen segundo a quenda establecido no Regulamento Orgánico Municipal a Sra. Domínguez Rey, concelleira electa pola candidatura do BNG, e o Sr. Sueiro Méndez, concelleiro electo pola candidatura do PP, pertencentes ao Grupo Mixto, a Sra. Castro Pintos, voceira do Grupo Municipal MI e o Sr. alcalde, e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria; o Pleno da Corporación, con catro votos en contra (do concelleiro electo pola candidatura do PP do Grupo Mixto Municipal e dos/a concelleiros/a do Grupo Municipal MI) e nove votos a favor (dos/as concelleiros/as do Grupo Municipal VEDM e da concelleira electa pola candidatura do BNG do Grupo Mixto), acorda:

1º.- *Determinar o seguinte réxime de dedicación exclusiva e retribucións para o seguinte cargo da corporación, coa alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda:*

*** *Alcaldía:*** *Dedicación exclusiva 100% da xornada, obtentada por D. Carlos Vieitez Fenández, cunha retribución anual de 42.000,00 €/anuais, que se distribuirán en doce mensualidades iguais.*

A percepción desta retribución é incompatible coa de outras retribucións con cargo aos





Concello de Meaño

presupostos das Administracións públicas e dos seus entes, organismos ou empresas de elas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, tolo elo nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas e o seu regulamento de desenvolvemento.

2º.- Determinar o seguinte réxime de dedicación parcial e retribucións para o seguinte cargo da corporación, coa alta no réxime xera da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda:

Concelleira de educación, cultura, deporte, ocupación do tempo libre, infancia e xuventude, turismo e comercio, dedicación parcial, 20 horas semanais. Retribución anual de 9.600,00 €/anuais, que se distribuirán en doce mensualidade iguais.

A percepción desta retribución é compatible co desenvolvemento de outros traballos, nos termos da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral.

3º.- A percepción das retribucións polo exercicio destes cargos en réxime de dedicación exclusiva e parcial será incompatible coa percepción de asistencia pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados.

4º.- A financiación do réxime de retribucións e dedicacións para o exercicio 2023 será con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria do Orzamento Municipal 2022 prorrogado 912.10000.

5º.- O réxime de dedicacións será de aplicación desde a aceptación expresa por parte dos nomeados, circunstancia que será comunicada ao Pleno na seguinte sesión.

6º.- O presente acordo farase público segundo determina o artigo 75.5 da Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local.

8º.- ASIGNACIÓN AOS GRUPOS POLÍTICOS (EXP.: 565/2023).

O Sr. alcalde-Presidente dá conta aos membros da Corporación da proposta formulada pola Alcaldía en relación con este asunto:

“Ao abeiro do artigo 73.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Pleno da Corporación, con cargo aos seus Presupostos anuais, poderá asignar aos grupos políticos unha dotación económica.

Esta asignación deberá contar con un compoñente fixo, idéntico para tódolos grupos e outro variable, en función do número de membros de cada un deles; establecidos nas pasadas lexislaturas en:

- *compoñente fixo idéntico para tódolos grupos : 320,00 €/grupo/ano*
- *compoñente variable en función do número de membros de cada un deles: 320,00€/concelleiro/ano*





Concello de Meaño

Coa constitución da nova Corporación xurdida das eleccións de 28 de maio faise precisa a aprobación polo Pleno da Corporación da asignación aos novos grupos.

Polo que esta Alcaldía somete á consideración do Pleno da Corporación para a súa aprobación, si procede, a seguinte proposta:

1º.- A asignación de dotación económica aos Grupos Municipais queda establecida:

* compoñente fixo idéntico para tódolos grupos : 320,00 €/grupo/ano.

* compoñente variable en función do número de membros de cada un deles: 320,00 €/concelleiro/ano

2º.- Este acordo producirá efectos desde o 1 de xullo de 2023, quedando para o período 1 de xullo-decembro, como segue:

Grupo político	N.º concelleiros/as	Parte fixa	Parte variable	Total
Veciños de Meaño	8	160,02	1.280,64 €	1.440,66 €
Agrupación Veciñal Meaño Independiente	3	160,02	480,06	640,08 €
Mixto	2	160,02	320,04	480,06 €

3º.- Esta asignación económica destinarase a gastos relacionados co funcionamento do grupos e non poderá destinarse o pago de remuneración de persoal de calquera tipo ó servizo da corporación ou á adquisición de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial.

4º.- A devandita asignación financíase con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 912.48000; segundo a regulación establecida nas Bases de execución do Orzamento.”

Non producíndose intervencións e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, con cinco abstencións (do/da concelleiro/a do Grupo Mixto e do Grupo Municipal MI) e oito votos a favor (dos/as concelleiros/as do Grupo Municipal VEDM), acorda:

1º.- A asignación de dotación económica aos Grupos Municipais queda establecida:

* compoñente fixo idéntico para tódolos grupos : 320,00 €/grupo/ano.

* compoñente variable en función do número de membros de cada un deles: 320,00 €/concelleiro/ano

2º.- Este acordo producirá efectos desde o 1 de xullo de 2023, quedando para o período 1 de xullo-decembro, como segue:

Grupo político	N.º concelleiros/as	Parte fixa	Parte variable	Total
Veciños de Meaño	8	160,02	1.280,64 €	1.440,66 €





Concello de Meaño

<i>Agrupación Veciñal Meaño Independiente</i>	3	160,02	480,06	640,08 €
<i>Mixto</i>	2	160,02	320,04	480,06 €

3º.- Esta asignación económica destinarase a gastos relacionados co funcionamento do grupos e non poderá destinarse o pago de remuneración de persoal de calquera tipo ó servizo da corporación ou á adquisición de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial.

4º.- A devandita asignación financiase con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 912.48000; segundo a regulación establecida nas Bases de execución do Orzamento.

9º.- DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS DO PLENO NA ALCALDIA E NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. (EXP. 580/2023)

O Sr. alcalde-Presidente dá conta aos membros da Corporación da proposta formulada pola Alcaldía en relación con este asunto:

“Ao abeiro do artigo 22.4 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en concordancia co artigo 51 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais o Pleno da Corporación pode delegar o exercicio de determinadas atribucións no Alcalde ou na Xunta de Goberno Local.

Para os efectos de axiliza-la xestión municipal a Alcaldía proponlle ao Pleno da Corporación, a delegación das seguintes atribucións delegables:

1º/ Delegar na Xunta de Goberno Local, nos termos dos artigos 22.4 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local en concordancia co artigo 51 do R.D. 2568/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, as seguintes atribucións:

a) A declaración de lesividade dos actos do Concello.

c) As competencias que como órgano de contratación lle corresponden ao Pleno da Corporación, ao abeiro do punto 2 da Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo seu valor; incluído o recoñecemento das obrigas derivadas dos contratos das obras e subministros que non sexan de tracto sucesivo.

d) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión.

e) Solicitudes de axudas e subvencións, cando o importe supere o recollido no punto 1 da Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, á Deputación Provincial, Xunta de Galicia e Administración do Estado, aceptacións e





Concello de Meaño

xustificación de subvencións outorgadas ao Concello, agás nos casos en que esta facultade lle veña expresamente atribuída nas normas reguladoras das mesmas.

f) Aprobación de bases reguladoras de axudas e subvencións municipais que convoque o Concello por concorrencia competitiva, nos termos regulados nas Bases de Execución do Orzamento. Recoñecemento da obriga á vista das xustificacións presentadas, segundo as Bases de Execución do orzamento e as bases das convocatorias.

g) As delegadas mediante as Bases de Execución do Presuposto anual e nas Ordenanzas e Regulamentos municipais.

2º/ Delegar na Alcaldía, nos termos dos artigos 22.4 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local en concordancia co artigo 51 do R.D. 2568/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, as seguintes atribucións:

a) O acordo de iniciación dos expedientes de contratación, previsto no artigo 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

b) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.

c) As delegadas mediante as Bases de Execución do Presuposto anual e nas Ordenanzas e Regulamentos municipais.

3º/ O presente acordo farase público segundo determina o artigo 51.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.”

Non producíndose intervencións e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, con cinco abstencións (do/da concelleiro/a do Grupo Mixto e do Grupo Municipal MI) e oito votos a favor (dos/as concelleiros/as do Grupo Municipal VEDM), acorda:

1º/ Delegar na Xunta de Goberno Local, nos termos dos artigos 22.4 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local en concordancia co artigo 51 do R.D. 2568/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, as seguintes atribucións:

a) A declaración de lesividade dos actos do Concello.

c) As competencias que como órgano de contratación lle corresponden ao Pleno da Corporación, ao abeiro do punto 2 da Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo seu valor; incluído o recoñecemento das obrigas derivadas dos contratos das obras e subministrados que non sexan de tracto sucesivo.

d) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión.





Concello de Meaño

e) Solicitudes de axudas e subvencións, cando o importe supere o recollido no punto 1 da Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, á Deputación Provincial, Xunta de Galicia e Administración do Estado, aceptacións e xustificación de subvencións outorgadas ao Concello, agás nos casos en que esta facultade lle veña expresamente atribuída nas normas reguladoras das mesmas.

f) Aprobación de bases reguladoras de axudas e subvencións municipais que convoque o Concello por concorrencia competitiva, nos termos regulados nas Bases de Execución do Orzamento. Recoñecemento da obriga á vista das xustificacións presentadas, segundo as Bases de Execución do orzamento e as bases das convocatorias.

g) As delegadas mediante as Bases de Execución do Presuposto anual e nas Ordenanzas e Regulamentos municipais.

2º/ Delegar na Alcaldía, nos termos dos artigos 22.4 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local en concordancia co artigo 51 do R.D. 2568/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, as seguintes atribucións:

a) O acordo de iniciación dos expedientes de contratación, previsto no artigo 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

b) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.

c) As delegadas mediante as Bases de Execución do Presuposto anual e nas Ordenanzas e Regulamentos municipais.

3º/ O presente acordo farase público segundo determina o artigo 51.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

10º.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE. (EXP. 571/2023)

O Sr. alcalde-presidente da conta da Resolución da Alcaldía de data 30-06-2023, n.º 2023-0429, de nomeamento de tenentes de alcalde:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE

EXPEDIENTE: 571/2023

Dando cumprimento ós artigos 20.1.a) e 23.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local en concordancia cos artigos 59.2 e 62 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e artigo 46 e ss. do Real Decreto 2568/1986, do 28





Concello de Meaño

de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, procédese á designación dos Tenentes de Alcalde.

En uso das atribucións que lle confire o artigo 21.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local en concordancia co 62 da Lei 5/1997, do 22 de xullo e os artigos 41.3 e 46 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía RESOLVE:

Primeiro.- Nomear como Tenentes de Alcalde aos membros da Xunta de Goberno Local, pola seguinte orde:

Primeira Tenente de Alcalde: Mercedes Cousido García

Segundo Tenente de Alcalde: Jorge Besada Serén

Terceira Tenente de Alcalde: Raquel Balboa Torres

Cuarto Tenente de Alcalde: Ramón Alfonso Piñeiro

Segundo.- Correspóndelles aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e polo orde do seu nomeamento ó alcalde nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeña-las funcións do alcalde no suposto de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo alcalde.

Terceiro.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación, notificándollo persoalmente aos designados, que se considerará aceptada tácitamente, salvo manifestación expresa no prazo de tres días hábiles de non aceptación do cargo; coa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da presente Resolución.

Na data indicada na marxe, mandao o Sr. alcalde D. Carlos Vieitez Fernández e asina con D^a M^a Teresa Escudero Barral, que como secretaria-interventora da corporación dou fe aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2.e do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo.”

Queda dado conta en cumprimento dos artigos 38 e concordantes do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

11º.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE DESIGNACIÓN DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. (EXP. 572/2023)

O Sr. alcalde-presidente da conta da Resolución da Alcaldía de data 30-06-2023, n.º 2023-0428, de designación de membros da Xunta de Goberno Local:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA





Concello de Meaño

ASUNTO: NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.
EXPEDIENTE: 572/2023

Constituída a Corporación Municipal, en sesión pública de data 17 de xuño de 2023, en virtude das Eleccións Locais celebradas o día 28 de maio de 2023, procede, ao abeiro do artigo 20 e 23 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local en concordancia cos artigos 59.2 e 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigo 52.1 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e artigo 42 do Regulamento Orgánico Municipal, a designación dos membros da Xunta de Goberno Local, de existencia obrigatoria neste Municipio e integrada polo Alcalde e un número de concelleiros non superior ó tercio do número legal de membros da Corporación.

En uso das atribucións que lle confire artigo 23 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local en concordancia co artigo 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, artigo 52.1 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e artigo 42 do Regulamento Orgánico Municipal, RESOLVE:

Primeiro.- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Meaño, baixo a Presidencia desta Alcaldía, aos seguintes Concelleiros/as:

- D^a Mercedes Cousido García
- D. Jorge Besada Serén
- D^a Raquel Balboa Torres
- D. Ramón Alfonso Piñeiro

A Xunta de Goberno Local estará integrada polo alcalde, que exercerá a Presidencia, e a/os concelleiros antes mencionados.

Sen prexuízo do anterior, o alcalde ou presidente poderá requirir a presenza de membros da Corporación non pertencentes á Xunta de Goberno Local, ou de persoal ao servizo da entidade, ao obxecto de informar no relativo o ámbito das súas actividades.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local celebrará as sesións ordinarias coa periodicidade que estableza o Pleno da Corporación, as sesións extraordinarias cando o presidente o decida e a sesión constitutiva, de conformidade co disposto no artigo 112 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a convocatoria do presidente dentro dos dez días seguintes á designación dos membros que a integran.

Terceiro.- Correspóndelle á Xunta de Goberno Local a asistencia permanente á





Concello de Meaño

Alcaldía, as atribucións que o Alcalde ou o Pleno da Corporación lle deleguen ou lle atribúan as leis e as que expresamente lle atribúan as ordenanzas municipais e as Bases de Execución do Orzamento Municipal anual.

Cuarto.- *Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación, notificándollo persoalmente aos designados, que se considerará aceptada tácitamente, salvo manifestación expresa no prazo de tres días hábiles de non aceptación do cargo; coa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da presente resolución.*

Na data indicada ao marxe, mandao o Sr. alcalde D. Carlos Vieitez Fernández, que asina con D^a M^a Teresa Escudero Barral coa secretaría-interventora da corporación, que da fe aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2.e do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo.”

Queda dado conta en cumprimento dos artigos 38 e concordantes do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

12º.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL. (EXP. 573/2023)

O Sr. alcalde-presidente da conta da Resolución da Alcaldía de data 30-06-2023, n.º 2023-0427, de delegacións da Alcaldía na Xunta de Goberno Local:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: *DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.*

EXPEDIENTE: 573/2023

Constituída a Corporación Municipal, en sesión pública de data 15 de xuño de 2019 e dadas as atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en concordancia co artigo 41 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais disposicións concordantes, e ao abeiro do punto 3 do artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, en concordancia cos artigos 43.2 e 44 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, esta Alcaldía RESOLVE:

Primeiro.- *Asumir directamente o exercicio das atribucións que corresponden á*





Concello de Meaño

Alcaldía ao abeiro da lexislación vixente.

Segundo.- *Delegar na Xunta de Goberno Local, nos termos do artigo 43.2 e 3 do R.D. 2568/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, as seguintes atribucións:*

1.- *A aprobación dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non atribuídos ao Pleno da Corporación, así coma a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.*

2.- *As competencias que como órgano de contratación lle corresponden a Alcaldía en materia de contratación, segundo a Disposición adicional segunda, punto 1 e punto 9 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, incluído o recoñecemento das obrigas derivadas dos contratos das obras e subministros, que non sexan de tracto sucesivo; quedando reservado á Alcaldía o acordo de iniciación dos expedientes de contratación, previsto no artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e os contratos menores de servizos, subministro e de obras, cun valor estimado igual ou inferior a 20.000,00 €.*

3.- *Aprobación das certificacións, facturas e actas de recepción derivadas dos contratos de obras e subministros que non sexan de tracto sucesivo, delegados no punto anterior e recoñecemento e liquidación de obrigas derivadas dos mesmos.*

4.- *A autorización da execución de obras por administración cando sexan da súa competencia.*

5.- *Solicitudes de axudas e subvencións, cando o importe non supere o recollido no punto 1 da Disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público á Deputación Provincial, Xunta de Galicia e Administración do Estado, aceptacións e xustificación de subvencións outorgadas ao Concello, agás nos casos en que esta facultade estea atribuída a outros órganos ou nos casos de urxencia que non poidan demorarse ata a seguinte sesión ordinaria ou extraordinaria que celebre a Xunta de Goberno Local.*

6.- *O outorgamento de licenza para a teneza de animais potencialmente perigosos.*

7.- *A aprobación da programación de accións, actividades, eventos e festexos que organice o Concello, bases de concursos e bases de admisión para a participación nas mesmas, cando non sexan de libre acceso.*

8.- *Aprobación de bases reguladoras de axudas e subvencións municipais nos termos regulados nas Bases de Execución do Orzamento. Recoñecemento da obriga á vista das xustificacións presentadas, segundo as Bases de Execución do orzamento e as bases das convocatorias.*

9.- *As autorizacións de altas e baixas nos distintos programas e servizos municipais, agás os servizos sociais.*

10.- *A aprobación e xustificación de convenios, concertos e acordos de cooperación, colaboración ou calquera outros que se establezan coas administracións públicas, asociacións ou entidades públicas ou privadas, agás nos casos en que esta facultade estea atribuída a outros órganos ou nos casos de urxencia que non poidan demorarse ata a seguinte sesión ordinaria ou extraordinaria que celebre a Xunta de Goberno Local.*





Concello de Meaño

11.- *Aprobación dos convenios de desenvolvemento das subvencións nominativas previstas nos Orzamentos anuais.*

12.- *Concesión directa de subvencións por razóns de interés público, social, económico ou humanitario debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública, cuxa contía supere os 3.000,00 € e non superen os 6.000,00 € para o mesmo beneficiario, unha mesma finalidade e un mesmo exercicio; quedando reservada á alcaldía cando o importe non supere os 3.000,00 €.*

13.- *Resolución de solicitudes de devolución de fianzas ou garantías constituídas a favor do Concello de Meaño.*

14.- *Autorización de venda ambulante.*

15.- *Resolución de solicitudes en materia tributaria, concesión de aprazamentos e fraccionamentos para o pago de débedas, e a resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos. Aprobación de padróns fiscais.*

16.- *Resolución de expedientes de reclamación en materia de responsabilidade patrimonial da Administración.*

17.- *Resolución de recursos de reposición interpostos contra os acordos de Xunta de Goberno Local.*

18.- *As delegadas mediante as Bases de Execución do Orzamento anual e nas Ordenanzas e Regulamentos municipais.*

Terceiro.- *Os actos ditados pola Xunta de Goberno Local no exercicio de competencias delegadas enténdense ditados polo alcalde, delegando expresamente na Xunta de Goberno Local, ao abeiro do artigo 115.c) do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a resolución de recursos de reposición interpostos contra os acordos por ésta adoptados.*

Cuarto.- *O alcalde, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas por esta Resolución, sen prexuízo de poder avogar en calquera momento as competencias delegadas con arranxo á lexislación vixente sobre procedemento administrativo común.*

Quinto.- *A presente Resolución goza de efectividade desde o día seguinte a data da súa sinatura, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal e da mesma darase conta á Xuntade Goberno para a aceptación das atribucións delegadas e ao Pleno da Corporación, na primeira sesión que se celebre.*

Sexto.- *Notifíquese a presente resolución aos membros membros da Xunta de Goberno Local.*

Na data indicada ao marxe, mandao o Sr. alcalde D. Carlos Vieitez Fernández, que asina con D^a M^a Teresa Escudero Barral coa secretaría-interventora da corporación, que da fe aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2.e do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo.”

Queda dado conta en cumprimento dos artigos 38 e concordantes do R.D. 2568/1986,





Concello de Meaño

do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

13º.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE DELEGACIÓN DE FUNCIONES. (EXP. 590/2023)

O Sr. alcalde-presidente da conta da Resolución da Alcaldía de data 30-06-2023, n.º 2023-0426, de delegacións de funcións:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: DELEGACIÓN DE FUNCIONES

EXPEDIENTE: 590/2023

Ao abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 43 e ss. Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, procédese á delegación de funcións.

Esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire o artigo 21.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local en concordancia co 61.3 da Lei 5/1997, do 22 de xullo e os artigos 43.1e4 e 44 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, RESOLVE:

Primeiro.- *Delegar a favor dos Tenentes de Alcade as seguintes atribucións:*

** Na Primeira Tenente de Alcalde e concelleira de servizos sociais e igualdade o seguimento, D^a Mercedes Cousido García, coordinación e impulso en materia de instalacións e equipamentos sociais, asistencia social, servizos sociais e promoción social, muller, terceira idade e igualdade; non incluíndo a presente delegación a facultade de resolver mediante actos administrativos.*

** No Segundo Tenente de Alcade e concelleiro de servizos, infraestruturas e urbanismo, D. Jorge Besada Serén, o seguimento, coordinación e impulso implantación das actuacións en materia de mellora, mantemento, conservación e funcionamento de vías públicas, alcantarillado, saneamento, abastecemento de auga, recollida de lixo, limpeza viaria, cemiterio, alumeados, fontes, lavadoiros, parques, xardíns, mellora de entornos fluviais e rutas paisaxísticas, infraestruturas e urbanismo; non incluíndo a presente delegación a facultade de resolver mediante actos administrativos.*

** Na Terceira Tenente de Alcalde e concelleira de cultura, educación, infancia,*





Concello de Meaño

xueventude, deporte, ocupación do tempo libre, turismo e comercio, Raquel Balboa Torres, o seguimento e a coordinación en materia de educación, promoción cultural, promoción do deporte, ocupación do tempo libre, infancia e xuventude, promoción turística e comercio; non incluíndo a presente delegación a facultade de resolver mediante actos administrativos.

** No Cuarto Tenente de Alcalde e concelleiro de desenvolvemento sostible e ciclo da auga, D. Ramón Alfonso Piñeiro, o seguimento, coordinación, impulso e implantación de desenvolvemento sostible e ciclo da auga; non incluíndo a presente delegación a facultade de resolver mediante actos administrativos.*

Segundo.- *Estas delegacións teñen a consideración de especiais.*

Cuarto.- *Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación, notificándollo persoalmente aos designados, que se considerará aceptada tácitamente, salvo manifestación expresa no prazo de tres días hábiles de non aceptación do cargo; coa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da presente resolución.*

Mandao o Sr. alcalde D. Carlos Vieitez Fernández, e na data indicada na marxe, e asinao coa secretaria-interventora D^a M^a Teresa Escudero Barral, que da fe aos efectos do disposto no artigo 3.2.e do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo.”

Queda dado conta en cumprimento dos artigos 38 e concordantes do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

E non sendo outro o obxecto desta sesión, ás 21 horas e 28 minutos dáse por rematada, estendéndose a presente acta que certifico, co visto e praxe do Sr. alcalde-presidente.

Así mesmo, CERTIFICO:

Que de conformidade co acordo adoptado polo Pleno da Corporación, na sesión de data 29 de decembro de 2019, e co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase como anexo a videoacta resultante da gravación desta sesión, garantíndose a súa autenticidade coa seguinte sinatura dixital:

Formato: VIDEO (WMV)

Nombre archivo: {CC6B9948-157A-463F-86DA-0DA748564264}.wmv

SHA512(Firma):

7634b5d6854bc2ba4d47dde618bf17917ba0b4b8da0f39a7ee3d410fae73b3d2b67c0a996346dd390dd1887b2ef14b8499654f31029d9348f0883424382ac933

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

